

# MISIÓN TECNOLÓGICA FI EUROPE FOOD INGREDIENTS 2022



## Join the biggest EU ingredient event this December

## FI EUROPE FOOD INGREDIENTS EUROPE



6-8 de decembro de 2022



París, Francia



[www.figlobal.com/fieurope/](http://www.figlobal.com/fieurope/)

**FI Europa** leva máis de 35 anos unindo aos principais provedores de alimentos e bebidas, compradores, expertos en I+D e especialistas en produción. Orixinalmente tiña lugar cada dous anos nunha gran cidade europea, agora funciona anualmente en conxunto con Health Ingredients Europe.

É o evento líder do mercado en axudar ás empresas de ingredientes alimentarios a atopar contactos e solucións adxetadas para desenvolver o seu negocio. Tamén presenta unha gama diversa de ingredientes e servizos innovadores e novos para a industria da alimentación e das bebidas.

En paralelo ten lugar unha conferencia e ademais pode atoparse a zona de novos produtos cunha selección dos máis innovadores, así como a *Sartup Innovation Challenge*. Toda a información sobre a axenda de eventos está dispoñible na páxina web da feira..

En 2021 a feira contou coa participación de máis de 20.000 visitantes de 135 países diferentes e 1.200 empresas expositoras.

O **Clúster Alimentario de Galicia** está a organizar unha acción entre os días **6 e 8 de decembro de 2022**, coa visita a **Feira Food Ingredients Europe**.

A finalidade da misión é poder coñecer as novidades e solucións innovadoras presentadas a nivel internacional no ámbito da industria alimentaria. Os asistentes poderán ver in situ as últimas innovacións en ingredientes alimentarios e servizos e as tendencias do mercado considerando que a FI é a principal feira neste segmento a nivel global.

Asemade en colaboración coa **Federación Española de Industrias de la Alimentación y Bebidas FIAB**, poderase participar como **expositor** no Pavillón de España.



CONVOCATORIA FIAB EXPOSICIÓN



FOOD INGREDIENTS EUROPE 2022

### Máis información

A misión directa do **Cluster Alimentario de Galicia** inclúe a xestión (viaxe, aloxamento e entradas) e o apoio aos custos de viaxe e aloxamento suxeitos a subvención do **IGAPE** no programa **Galicia Exporta** e a consecución do número mínimo de empresas participantes. Poderase asemade xestionar a participación conxunta coma expositor se fose de interese.

Para inscricións, aclaracións ou información adicional, poden contactar co Clusaga na caixa de correo electrónico [info@clusaga.org](mailto:info@clusaga.org), no teléfono 981 556 062, ou manifestar interese no seguinte formulario coa data límite do **19 de xullo**.



FORMULARIO DE INSCRICIÓN